



Recomendacións de lecturas  
Nadal 23/24

# ED. INFANTIL


## Misión salvamento

**Autora: Cristina Oleby**

**Editorial: Triqueta editora**

Os Insectos Especiais son un grupo secreto de alto rendimento especializado no rescate doutros insectos. Posúen unhas habilidades que os fan invencibles. Estes insectos, foron chamados para unha importante misión: na cociña

dos González hai unha formiga secuestrada por un paxaro. Mosca é a que deu a voz de alarma. Divisouna nun dos seus voos de recoñecemento. Serán capaces de salvara? Un libro con HUMOR en letras maiúsculas en que moitísimos nenos e nenas se verán atrapados nesta historia de rescate ao máis puro estilo de 'Misión Imposible'. Novo libro de Cristina Oleby e Mariona Tolosa, experta escritora infantil moi recoñecida polo humor aplicado nas súas historias. Unha historia de bechos absurda e divertida para fartar de rir. Pícache a curiosidade? Advertimos... uns pican e outros non!



¡A bañarse!

Taro Gomi



kalandraka

## A bañarse!

**Autor: Taro Gomi**

**Editorial: Kalandraka**

**Dispoñible tamén en castelán.**

Un álbum divertido e cheo de sorpresas que aborda o hábito cotián do baño con graza e orixinalidade.



Recomendacións de lecturas  
Nadal 23/24



XUNTA  
DE GALICIA

COLEXIO PÚBLICO  
INTEGRADO DE  
COVA TERREÑA

Rúa Dolores Agrelo, s/n C.P. 36300 Balona  
Tlf: 886 12 00 01 Fax: 886 12 00 09  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena>



50 ANOS AXUDANDO A CONSTRUIR PERSOAS

# ED. INFANTIL

## **O osiño chispa**


**Autor: José Antonio Abad**

**Editorial: Kalandraka**

**Dispoñible tamén en castelán.**

Un álbum tenro e divertido sobre o valor da escola, a aprendizaxe, a autonomía persoal e o sempre valioso consello dos maiores.

Chispa era un pequeno oso aventureiro, alegre e decidido. Unha mañá díxolle á súa nai: “Deixei a escola. Xa son maior, e quero traballar”. Pero cociñar, coser, pintar a porta da casa ou fabricar unha cadeira de brazos eran tarefas máis difíciles do que Chispa imaxinaba. Tras un encontro co ancián Don Moucho, pensa que quizais non é tan mala idea volver á escola e reencontrarse cos seus amigos, aos que tanto botaba de menos. Malia que Chispa non está preparado aínda para algúns traballos, lonxe de desanimalo, os adultos permítenlle experimentar e darse conta por si mesmo das dificultades. “O osiño Chispa” é unha fábula contemporánea que pon de manifesto a pequenos e maiores a importancia da aprendizaxe, a autonomía persoal, a perseveranza, os sabios consellos dos maiores e a escola como lugar de formación e socialización. Rosa Osuna logra unha obra plástica que destila calidez, con multitude de detalles, trazos sinxelos e unha combinación cromática moi acertada.



## **Cores no mar**

**Autora: Jenni Erkintalo**

**Editorial: Hércules de Ediciones**

Os pinceis con cores primarias teñen unha importante tarefa. Os animais mariños necesitan unha nova capa de pintura! Que sucede cando dous cepillos chocan repentinamente entre si?

O libro ilustrado de Jenni Erkintalo *Cores no mar* é un libro maravilloso sobre o descubrimento das cores e a diversidade. As intensas ilustracións, a alegre narración e o groso papel garanten que o libro terá moitas lecturas.



Recomendacións de lecturas  
Nadal 23/24

# 1º Ciclo ED. PRIMARIA

## **Tartaruga vs. lebre. O desquite**

**Autor: David Pintor**

**Editorial: Kalandraka**

**Dispoñible tamén en castelán.**

Unha divertida e transgresora versión da fábula clásica en que descubrimos a verdadeira razón pola cal a tartaruga gaña a carreira. *A lebre e a tartaruga* é unha coñecida fábula atribuída a Esopo e posteriormente reescrita por La Fontaine ou Samaniego coa que xeración tras xeración aprendemos que a perseveranza é capaz de vencer a arrogancia. David Pintor xoga con esta narración clásica e proponnos un desenlace diferente e moi divertido en que tanto a persistencia como a intelixencia xogan un importante papel. As imaxes expresivas e próximas á linguaxe visual do cómic acentúan o sentido do humor deste álbum hilarante.



## **Maldiño, a vergoña da familia**

**Autor: Esteban Souto**

**Editorial: Antela Editorial**


Os pais de Maldinho esperan que manteña unha curiosa tradición familiar, pero só conseguen que os decepcione unha e outra vez. Poderá Maldinho ser feliz a pesar de todo?

## **Pícache a curiosidade?**

**Autora: María Canosa**

**Editorial: Edicións do Cumio**

Un libro divulgativo para entender e facer un percorrido por moitos procesos ordinarios que nos rodean.





Recomendacións de lecturas  
Nadal 23/24

# 1º Ciclo ED. PRIMARIA


## Vai polo pan

**Autor: Jean Baptiste Drovot (tradución do Hematocrítico)**

**Editorial: Edicións do Cumio**

Como poderás imaxinar, abrindo unha colección cos libros favoritos do HEMATOCRÍTICO, a diversión está máis que garantida. Neste primeiro libro o noso protagonista Manuel recibe o encargo de ir polo pan á súa vila. A Manuel encántalle o pan,

*pero tamén pasear e claro, despíستase un pouco de máis polo camiño e, cando chega, evidentemente a tenda está pechada. O que comeza coma un simple recado convértese nunha aventura épica cando Manuel tenta conseguir o pan dun xeito menos habitual. Despois de James Bond, Tintín e Han Solo, VAI POLO PAN preséntanos a Manuel, un novo aventureiro. A través do seu protagonista, vivirás unha chea de aventuras fantásticas chea de humor absurdo e sorpresas. O Hematocrítico ofrécenos unha historia trepidante que fará as delicias dos pequenos lectores. Un favorito garantido.*



## A reconquista

**Autora: Antía Yáñez**

**Editorial: Baia Edicións**

No patio do colexio de Lúa prodúcese todos os días unha invasión que deixa moitas nenas e nenos sen espazo para desfrutar do seu tempo de recreo. Porén, grazas á súa tenacidade, Lúa vai poñer en marcha unha pequena onda que rapidamente se converte nun tsunami de solidariedade.



Recomendacións de lecturas  
Nadal 23/24

# 2º Ciclo ED. PRIMARIA

## **Astérix, o lirio branco**

**Autor: Fabcaro e Conrad**

**Editorial: Xerais**

**Cómic**

**Dispoñible tamén en castelán.**

Estamos no ano 50 antes de Cristo. Toda a Galia está ocupada polos romanos... Toda? Non! Unha aldea poboada por irredutibles galos aínda segue resistindo o invasor. E a vida non é doada para as gornicións de lexionarios romanos nos reducidos campamentos de Babaórum, Aquárium, Laudánium e Petibónium... Os dous galos máis famosos regresan nunha nova aventura realizada polo talentoso dúo creativo formado por Fabcaro no guión e Didier Conrad na ilustración.



## **A linguaxe das plantas. Os seres máis fascinantes do planeta**

**Autora: Helena Harastová**

**Editorial: Baía Edicións**

Que pasaría se as plantas tivesen súper poderes dos que nada sabemos? Podería ser que as plantas sexan as donas do mundo? Cando miras para as plantas e as árbores seguramente dirás: moi bonitas, pero un pouquiño aburridas. As plantas nin andan nin falan e aínda por riba non fan nada cando as arrincamos, cortamos e cando lles prendemos lume. Pero sabemos o que facemos? Hai moitos científicos recentes que poñen patas arriba a nosa percepción tradicional das plantas e das árbores. Agora non só sabemos que se interesan polo mundo que as rodea, senón que reaccionan ante el. Ademais, comunícanse de xeitos que quen nos dera aos humanos!



Recomendacións de lecturas  
Nadal 23/24


# 2º Ciclo ED. PRIMARIA

## **As cicatrices do caranguexo**

**Autora: Irene Alonso Gasalla**

**Editorial: Xerais**

Saír sen danos dunha liorta co capitán Cancro non é cousa doada. Cando menos levarás de recordo algunha cicatriz revirada e, de seguro, unha historia que contar. Como a que a avoa de Nico e Bruno lles lembra aos seus netos, onde relata a batalla que os pais dos nenos tiveron que librar contra tan temido personaxe. Unha historia con monstros arrepiantes e valentes piratas; loitas con feridas abertas e moitos aloumiños para pechalas.



## **O bosque é a nosa casa**

**Autora: Sara Fernández**

**Editorial: Hércules de Ediciones**

Sabes, de verdade verdadeira, como é que funcionan os bosques? Nun bosque todo está conectado. Pero ademais, todas as persoas estamos tamén conectadas cos bosques. E é que, sen dúbida, o bosque é a nosa casa. Entra neste libro e descubrirás unha morea tan grande de cousas abraiantes (e que moi pouca xente sabe) que te converterás en especialista en bosques. Garantido!

## **Patio de luces**

**Autora: Érica Esmorís**

**Editorial: Xerais**

Lea, a protagonista deste libro, pasa as tardes dos venres co seu avó, porteiro nun edificio. Está preocupado polo seu traballo, e ademais teme que os vecinos vexan á súa neta e pensen que descoida as súas tarefas por coidala. Lea, mentres o seu avó traballa, adícase a observar os tendais do patio interior e imaxinar quen vivirá en cada piso. A pesar das advertencias do seu avó, e sen poder conter a súa curiosidade, Lea termina coñecendo aos veciños do edificio, e comprobando que as cousas non sempre son o que parecen.





Recomendacións de lecturas  
Nadal 23/24


# 3º Ciclo ED. PRIMARIA

## 45 contos dos irmáns Grimm para nenos e para a familia

**Autores: Jakob Grimm e Wilhelm Grimm**

**Editorial: Sushi Books**

*O gato con botas, Caparuchiña vermella, Polgariño, a Cincenta, os músicos de Bremen, Hänsel e Gretel, Raponcio e Branca de Neve* chegaron ós nosos días, narrados de xeración en xeración e en múltiples versións. Os irmáns Grimm compilaron estes e outros contos para as familias burguesas de hai dous séculos. Nesta edición seleccionamos 45 dos relatos, traducidos ó galego directamente dende a súa versión orixinal e acompañados de ilustracións clásicas.



## Stuart Little

**Autor: E. B. White**

**Editorial: Sushi Books**

Cando a señora Little ten o seu segundo fillo, todo o mundo advirte que non é maior ca un rato. Ademais, o pequeno Stuart parécese moitísimo a un rato en todos os aspectos, polo que temen que calquera día escape pola rateira. Pero, aínda que Stuart Little está disposto á aventura, só marcha da casa para buscar a súa amiga Márgalo cando esta extraordinaria ave desaparece.

## Candorcas e unicornios

**Autora: María Canosa**

**Editorial: Galaxia**

*Candorcas e unicornios* é unha fábula marabillosa, en todos os sentidos da palabra, onde o mar, a natureza e a fantasía van da man nunha historia que, ademais de entreternos, vai facernos pensar... María Canosa volve sorprendernos unha vez máis cunha mirada poética chea de sensibilidade e sabedoría literaria. Entra con ela no seu mundo de candorcas e unicornios...





Recomendacións de lecturas  
Nadal 23/24


# 3º Ciclo ED. PRIMARIA

## Conta nove estrelas

**Autora: Andrea Maceiras**

**Editorial: Xerais**

Uns pequenos e peludos animais ameazan a Galaxia Oma. Desde o Observatorio Interestelar, os Vixilantes ordenan o exterminio de toda a especie, xa que os bobós, malia o seu adorable aspecto, son seres salvaxes e perigosos. Tan só Quepi, unha estraña nena que vive co seu irmán e o seu avó no planeta Dot, ousa desobedecer o mandato protexendo un bobó tan especial coma ela. Esta arriscada decisión vaina levar a emprender unha increíble aventura xunto co seu irmán Udai, durante a cal desafiarán os límites do universo coñecido. Porque, como diría o avó Acasi, un sol nunca será idéntico a outro sol, pero a súa luz é igual de necesaria. Porque todos provimos dun mesmo, único e primeiro latexo.



## O rei Cuu

**Autor: Adam Stower**  
**Editorial: Sushi Books**

Ben Pole está escapando do seu arquiinimigo Monty Grabbe cando descobre un bosque con tirolinas, tobogáns de auga, Herbert o wombat e, o mellor de todo, o REI CUU. Pero coidado! Monty e os seus secuaces teñen un plan ruín, así que Ben e mais Cuu deberán usar todo o seu enxeño para estragalo.

## Eu tamén fun pequena

**Autora: Concha Blanco**

**Editorial: Xerais**

Todas as noites, antes de durmir, a avoa Concha cóntalles ás súas netas lembranzas da infancia nos anos cincuenta na aldea de Lires, que contrastan coa forma de vida actual: fálalles do mundo rural da época, da nula presenza da tecnoloxía ou das escasas infraestruturas. A través dos recordos da avoa e das preguntas que fan as nenas Ana e Mariña, abórdanse temas como o coñecemento e respecto polas tradicións, a importancia do esforzo, a valoración da lingua galega, a igualdade de xénero, o compañeirismo, a tolerancia, a xustiza, a paz, o coidado do medio ambiente, o fomento da lectura...







Recomendacións de lecturas  
Nadal 23/24

# 3º Ciclo ED. PRIMARIA

## A botella de lentellas

**Autora: Leticia Barbadillo**

**Editorial: Xerais**

Manuel é un neno que pasa moito tempo só na casa, xa que o pai traballa demasiadas horas repartindo paquetes e á súa avoa, enferma, tiveron que levala a unha residencia. O martes de Entroido bota en falta as orellas que lle preparaba a avoa e decide facer el unhas poucas. Como quere seguir a receita exacta da avoa, emprega a súa botella chea de lentellas para estiralas, que acaba escachando e estrando de legumes o chan. Antes de deixarlle comer as orellas, a avoa sempre lle contaba as historias que esas orellas escoitaran. Agora que ela non está, será Manuel o encargado de imaxinar os relatos que escoitaron os doces que el mesmo preparou: sorprendentes historias protagonizadas todas elas por lentellas. A través deses relatos, que unen tres xeracións dunha mesma familia, o neno protagonista aprende a asumir a ausencia da avoa, a comprender a súa realidade social e familiar, e a sentirse un pouco máis unido ao pai.



## Mambrú volveu da guerra

**Autor: Carlos Labraña**

**Editorial: Xerais**

**Teatro**

Unha nena está desexando explorar o parque infantil que abriron ás aforas da vila. Mentres xoga, encontra por casualidade un boneco enterrado. É un soldado de porcelana que lle conta que viviu na vila hai moitos anos, pero non é quen de lembrar o seu nome nin como acabou nese lugar. Coa axuda da súa familia, a nena intentará recompoñer o crebacabezas para que o boneco poida atopar o seu lugar.

## Microbios monstruosos

**Autores: Mark Van Ranst e Geert Bouckaert**

**Editorial: Hércules de Ediciones**


**Dispoñible tamén en castelán.**

Neste libro descubrirás todo o que queiras saber sobre bacterias e virus, como funcionan as vacinas e que microbios son útiles para o ser humano.

Terás respostas a preguntas como:

Por que hai que lavar as mans antes de comer? É o coronavirus o peor virus que existe? Hai bacterias femininas e masculinas? Que virus foi vencido polo ser humano? Que son os antibióticos?

E ademais convértese nun microbiólogo ou microbióloga! Cultiva as túas propias bacterias e fai experimentos!





Recomendacións de lecturas  
Nadal 23/24

# ED. SECUNDARIA

## **Furia**

**Autora: María Reimóndez**

**Editorial: Xerais**

Tras a morte da súa nai, Cecilia, unha adolescente de dezaseis anos, non sabe como convivir coa dor. Por se non fose pouco, unha pandemia, un cambio de casa, a precariedade e a incomunicación coa súa tía avoa échena de rabia ante o mundo que a rodea. Cando a cousa parece que xa non podería empeorar máis, atópase co boxeo. Grazas a este deporte e a unha serie de persoas que a acompañarán, Cecilia atopa a confianza nas propias forzas para buscar unha vida plena, para atopar o seu lugar seguro. "Furia" non é só a historia dunha moza que se enfrenta á perda e á dor, senón unha reflexión sobre os afectos e o valor verdadeiro, un canto de amor ao boxeo e unha constatación da importancia de termos sempre alguén na nosa esquina que nos guíe á hora de evitar os golpes eludibles e nos acompañe para encaixar os inevitables.



## **Teño 14 anos e non é unha boa nova**

**Autora: Jo Witek**

**Editorial: Kalandraka**

**Dispoñible tamén en castelán.**



Unha historia chea de esperanza sobre unha terrible realidade que sofren cada ano doce millóns de nenas no mundo: o matrimonio infantil. Efi regresa á súa casa na aldea tras o curso escolar na cidade. Aos seus catorce anos, as vacacións e o reencontro coa familia e amigos échena de felicidade. Porén, a realidade non tarda moito en golpeala con forza: alcanzou a idade núbil e os seus pais prometérona en matrimonio. Os soños de seguir estudando para converterse en enxeñeira e axudar a mellorar as condicións de vida da súa contorna esnaquízanse. Efi loitará por todos os medios para evitar ese destino cruel que a familia e a tradición trazaron para ela.

A voz libre e progresista da protagonista elévase como unha denuncia, como unha chamada de atención para cambiar as cousas neste magoante pero esperanzador relato da colección Tiramillas para lectoras e lectores autónomos a partir de 12 anos.



Recomendacións de lecturas  
Nadal 23/24


# ED. SECUNDARIA

## ***Nelson Mandela. O camiño cara á liberdade***

**Autor: Antonio Lozano**

**Editorial: Factoría K de libros**

Hai un lugar no mundo onde se garda a memoria de Nelson Mandela. É un museo que leva o seu nome na aldea de Qunu, onde pasou a súa infancia. Alí traballa como guía Siphó, o vello compañeiro do líder, que adoita narrar aos visitantes do museo secuencias da vida de Mandela. Ata alí chega un día o mozo Walter na procura das súas raíces e con moitas preguntas por facer: por que os brancos de África do Sur desprezaban os negros ata encerralos en guetos? Por que un acomodado negro se rebelou contra a tiranía dos brancos poñendo en perigo a súa propia vida? Canto custa facer o camiño cara á liberdade?



## ***As aventuras de Huckleberry Finn***

**Autor: Mark Twain**

**Editorial: Sushi Books**



Huckleberry Finn e o seu amigo Jim foxen polo río Mississippi cara ós estados libres, onde non existe a escravitude. Porén, a viaxe estará chea de atrancos: dende asasinos a caloteiros que porán en perigo a súa aventura.

## ***Emma***

**Autora: Jane Austen**

**Editorial: Sushi Books**

**Dispoñible tamén en castelán.**

Intelixente, rica e fermosa, Emma Woodhouse non precisa marido, pero resúltalle divertido facer de casamenteira para as súas amigas. Ata que a súa confidente Harriet Smith decide casar, e os seus enredos producen consecuencias inesperadas. Esta edición está anotada por tres forofas de Jane Austen, que descifran algunhas das claves para entender a obra e o seu contexto, especialmente destinadas para o público xuvenil actual.





Recomendacións de lecturas  
Nadal 23/24



XUNTA  
DE GALICIA

COLEXIO PÚBLICO  
INTEGRADO DE  
COVA TERREÑA

Rúa Dolores Agrelo, s/n C.P. 36300 Baiona  
Tif: 886 12 00 01 Fax: 886 12 00 09  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/cpicovaterrena>




50 ANOS AXUDANDO A CONSTRUIR PERSOAS

# ED. SECUNDARIA

## — **Consciencia. A ciencia que nos rescatou da pandemia**

**Autora: Dr. Sonia Villapol Salgado**  
**Editorial: Xerais**



A pandemia arrasou as vidas e as economías, deixounos unha sociedade máis vulnerable e, como herdanza, a Covid persistente. Algúns quixeron relativizar o impacto, pero outros tentamos axudar a combater o virus. A ciencia foi a táboa de salvación á que nos agarramos en momentos de incerteza e angustia; protexeunos, achegounos ao benestar e, en definitiva, foi quen nos rescatou da pandemia. Este libro conta como reaccionamos e como o apoio á investigación trouxo vacinas e terapias, aflorou a esperanza e comezamos a ver a luz ao final do túnel. Grazas ao aprendido, afrontaremos mellor os desafíos no futuro, por iso cómpre coñecer a ciencia e aplicala a conciencia.

## **La tabla periódica**

**Autora: Raquel Gu**  
**Editorial: Andana**  
**Cómic**

Este cómic tiene por protagonistas a los elementos químicos y como escenario la tabla periódica. Se trata de un homenaje a los noventa elementos que componen todo lo que existe en la naturaleza y a los veintiocho que han sido creados por el ser humano. Porque todo, absolutamente todo -estrellas, nubes, alimentos, tu propio cuerpo-, está compuesto por ellos.

